

ANO II - N.º 4  
15 PESOS  
FUNDADA NO  
1996

# A.E.G.

ASOCIACION DE ESTUDIAN  
TES POR GALICIA



PRIMEIRO ANIVERSARIO!

## EDITORIAL

## A HORA DO SOLPOR

Máis dun ano vai xa desque saíu o sol nestas terras, tentando alumear-lo oscuro panorama que presentaba un pobo tan gris coma o seu fogar.

Máis dun ano é cecais xa moito tempo pra o Sol, que cando chegou ao cume non soupo ve-la cara oculta dun mundo que agora vai recollendo o que é seu nunha segunda volta na que sabía que había rir o último.

Máis dun ano é pouco tempo pra que as árbores medren, as follas nazan e as froitas maduren porque á hora do Solpor só quedanunhas sementes soitarias sen saber que van facer nunha terra estéril.

Máis dun ano é un segundo, se cadra, na historia dun fogar gris de luces negras que pronto voltará a repasa-las corredeiras co mesmo ritmo xordo de sempre, sen lembrar que unha vez houbo unha luz branca nun ceo azul.

Logo dun ano, o Sol marcha, e quen sabe se na noite unha lúa lembrará que a luz unha vez estivo ahí...

c

●

Ahí vos vai a lista dos socios. Se vedes que hai moitos coleguillas pois xa sabedes que estamos eiquí tentando olvidar que hai moito facha perdido polo mundo e que a nós o que nos vai é a causa galeguista.

E se, ao fin, decidides facervos socios sabede que somentes hai que soltar vinte pesiños ao mes e tedes así todo o dereito do mundo a organiza-los actos que vimos facendo dende hai un ano. Só tedes que falar con...

Carmen, Lucía, Joaquín, Marta, Egoña, David Edez. García, David Edez. Martínez, Figo, Fran, Antía, Gloria, Anabel, Fon, Ali, César, Lidia, Job, Pablo Varela e Xulia.

## SUMARIO

EDITORIAL	2
REFLEXIONS	3
. Pensando en alto	
. "Los ingenieros tienen..."	
. Velahí o futuro	
EUZON IC ESTUDANTE	6
. AGLI	
. Reforma Loxe	
NATUREZA	7
. Recicla e vencerás	
DEPORTES	8
. O gol de Stoja	
CINE	10
. Curense Film Festival	
PA SA TEMPOS	11

## VELAHI O FUTURO

Agora xa sei que o meu é un problema de identidade. ¿Pero non debería decir o noso? Pois que eu saiba todo o mundo pasa por esas noites longas sen verdadeiro sono nas que un ten falsos soños de ser outro, é unha sensación estraña que ataca por sorpresa e xa non te solta, e te leva por vericuetos inesperados. Es, de súpeto, un tolo aventureiro en países alieos, un nipó agachado na selva que non sabe que rematou a guerra, ou un vendedor de plátanos nun mercado persa; es un pirata fuxido dunha páxina de Jack London cunha botella de whisky, un timador traicionado e finalmente arruinado no Gran Casino de Las Vegas, ou un rapaz abandonado nun suburbio de Nueva Delhi; es un negro de Harlem que baila rap, ou un aviador solitario que ve cómo se achica o combustible no medio do Atlántico; es un mago, ou ou un mercenario, ou es un profeta.

¿Es tantas, tantas cousas...!, empeza a darche voltas a cabeza... pero te decatás e ¡zas!, o normal é que non queiras segui-lo xogo, que acepte-los bós días de mamá e o son arrastrado do autobús, queres desprenderte dos soños porque neles hai abismos que te fendén. Prefire-lo canal de sempre, dá igual que sexan concursos ou películas, que berre unha estrela de rock ou sorría de plástico un político, buscas no mando a distancia da realidade o único que soportas, o que che di que es o protagonista. Sí, es tí, es tí, te lembrás a cada paso, só pensas en remata-la faena, en que un ollo confirme o que o outro ve -pero no que non pensas é no que queda atrás, na terra queimada que deixas ao teu paso, nas esperanzas que botaches pola borda e que espalladas nese mar do tempo son só espuma, e só podes ver cómo se alonxan.

¿E qué che queda entón? Ben, non desesperes, tío, ten ánimo, as alternativas son tantas que un non sabe a qué carta quecarse. Por exemplo,

podes a) cambiar verdadeiramente de canal-non fai falta ter parabólica-, e cando estés listo para almorzar soste-lo croissant cun aceno gansteril e dicirlle: xúrote que o de hoxe vai se-lo teu derradeiro día, e despois zampalo.

ou podes b) raparte a cabeza, inscribirte nun clube de fans dos Chicago Bulls, romper unha cabina telefónica, e descerebrarte co week-end gerrafón,

ou podes c) pensar que tes que estudar moito pra se-lo primeiro e ter un bó traballo e unha casa grande chea de fillos e moitos, moitos carritos, así poderás gastalos a mancheas e a sociedade estará moi contenta contigo por iso,

ou podes d) ser un rapaz/a sensible amante das flores e dos animais, e transmuta-las túas inquedanzas en música heavy, poesía patriótica ou novelas rosas-aínda que tamén podes tentar ser un artista de verdade, ou fracasar,

ou podes e) pensar que a culpa sempre a ten o do lado,

ou podes f) Ser un humilde profesor ou un profesor que non sexa humilde, en calquera caso cambiar de bando pero non de escenario,

ou podes g) facer como se nada, mante-las formas, segui-la rutina, lavarte a cara e achegarte ó Insti, a ver se hoxe, por fin, hai algunha novidade.

Ou tamén podes crer no paraíso e facer un derradeiro esforzo por acadalo. ¿Cómo? Vale, non sexas impaciente próximamente darémosvo-la receita...

Todo isto, claro, non soluciona o problema de qué facer, pois tódalas saídas se bifurcan, de xeito que, por exemplo, tí podes decidir f) e acabar coma un b); ou podes desbotalo todocomo un sinsentido e decidir que esto non vai contigo, e sen embargo decatarte de súpeto que as cousas non son así de doadas, alomenos-nunca son tan doadas como poidan parecer. Ou podes te-las cousas tan claras que de tanta claridade te quedés cego. Ou tamén ocorre, ás veces, cando un xa non se propón nada, que entón o éxito te sorri, é coma se un futuro apenas imaxinado se adiantase de golpe, e your dreams come true precisamente cando xa te esquenceras deles.

Ben entendido que, faga-lo que fagas ninguén te vai axudar cando esas noites sen verdadeiro sono volvan aparecer. E volverán, e entón si que estarás perdido.

-Cornelio Agripa-

## PENSANDO EN ALTC (con perdón)

"Yo creo que en el mundo hay dos clases de hombres, los que hacen cosas y los que hablan de ellas. El verdadero maestro es el que te ha de liberar, no tiene que cargarte de conocimientos y prejuicios"

JOAN BROSSA

Hai tan só unhas semanas celebrábase (e digo celebrábase e non conmemorábase) o aniversario do suspenso en matemáticas de Einstein. Coincidindo con esas datas atopaba eu un texto no que se comentaba tamén un suspenso de Lorca en literatura, e no que se deixaba constancia de que aquel adolescente lle sentenciaba á súa profesora un "usted tendrá algún día que estudiarle a mí". Quedeime coas ganas de saber se a anécdota fora real e se, polo tanto, a pobre muller acabara lendo a Federico e tirándose dos cabelos.

Nesa mesma liña poderíanse poñer máis exemplos de como os que medimos coñecementos e capacidades somos simples -ou complicados- mortais de carne e óso, eso si, con propensión moitas veces a esxerar probablemente o noso papel na sociedade ou, o que se cadra é peor, a non sopesar a nosa repercusión no individuo -entendede no alumno-, manténdonos ancorados nun concepto do espazo clarísimamente ptolomeico (aplicado como metáfora viría a ser algo así como profecentrista).

Cando me poño a repasar a miña experiencia como alumno, traendo ó pensamento o que quedou en min de toda unha boa procesión de docentes (hoxe tería que dicir colegas, aínda que me costa caro asimilalo), chego a unha moi clara conclusión: non podo apuntar nada realmente

malo de cáseque ningún, pero..., tampouco podo dicir nada realmente bo, coa sempre natural excepción de dous ou, como moito, tres deles. Dándolle voltas ás razóns que determinaron esa excepcionalidade doume conta que, máis que como profesores, foi como persoas polo que me impresionaron -e non estou contando aquí á de Educación Física en mallas azuis, que tamén me impresionaba daquela, alo polo 1977, cando os Sex Pistols vendían "no future" e ela demostraba todo o contrario-.


E todo isto ven a conto dunha serie de conversas con algunhas nais de alumnos da miña titoría sobre o problema dos suspensos que se producen masivamente neste centro -e en tódolos demais- e non se sabe moi ben por que nin para que, xa que no fondo, por enriba de todo, máis aló das miserias diarias, cada un de nós andamos á busca dun cachiño de felicidade, deso que nunha recente película viñeron a chamar "un lugar en el mundo".

Ogallá que a pesar de tódolos atrancos, de tódolos profesores que xamais cheguemos a encender a luzcifa que sen dúbida levades dentro, de tódolos días con nós na barriga -pode ser frío-, sexades algunha vez felices.

P.D. Einstein e Lorca tiveron que amolar e superar os seus suspensos e, peor aínda, a de Educación Física das mallas azuis nunca para min mirou. ¡Cruda realidade!

**los**

**ingenieros**



**tienen**

**pesadillas.**

Na Galiza dase un claro caso de bilingüismo entre o galego e o castelán. Moita xente ten o castelán como lingua materna e a utiliza pra falar e escribir, aínda que tamén fala, estuda e entende á perfección o galego. Isto ocorre na maioría da Galiza e a moita xente dalle igual utiliza-lo galego ou o castelán en determinados momentos.

Pero non é este o caso dun grupo de individuos que teñen unhas crenzas distintas a estas, referímonos á Asociación Gallega para la Libertad del Idioma (AGLI). Esta asociación puxo un anuncio no diario La Voz de Galicia o pasado domingo dous de febreiro, onde nos espoñían a súa forma de pensar e como contactar con eles. En resumo din que están fartos de que na Galiza se fale o galego, que na ensinanza algunhas clases sexan obrigatorias en galego, que a documentación da Xunta sexa en galego, ...ousexa, que non queren a nosa lingua pra nada e prefiren utiliza-la súa lingua materna que é o castelán.

O xeito de pensar desta xente é absurdo, renegan da lingua do noso pobo e non saben vivir nunha situación de bilingüismo como ocorre na Galiza, prefiren utilizar unha lingua soa e olvidarse completamente do galego.

Se tódolos galegos pensásemos do mesmo xeito agora mesmo non existiría o galego como lingua oficial da Galiza e desaparecería pra sempre. Non creo que os galegos, aínda que sexan castelán-falantes, queiran que a nosa lingua desapareza.

Jesús Filgueiras

## NO ANO 2000 TEN QUE ESTAR XERALIZADA A REFORMA EDUCATIVA

Os alumnos que comezamos B.U.P. este curso pasaremos ao novo bacharelato no 98-99, é dicir, que no curso que deberíamos cursar 3º de B.U.P. e o seguinte C.O.U., pasaremos a 1º de bacharelato Loxe pra logo facer 2º. Faremos catro anos de ensinanza secundaria non obrigatoria, pero serán dous do sistema antigo e outros dous do novo. Terémonos que examinar de selectividade (se aprobamos e pensamos en ir á universidade) contando só pra a media a dos dous últimos anos cursados, é dicir, os de bacharelato Loxe, e non contarán pra nada as de 1º e 2º de B.U.P.

Ocórrelles o mesmo aos que comezaron Formación Profesional no actual curso, tanto de primeiro grao coma de segundo. En ámbolos dous casos, no curso 98-99 segundo Real Decreto, implantarase cun carácter xeral, o terceiro curso de E.S.O. (pola progresión dos que este ano comezaron primeiro) e o primeiro curso de bacharelato Loxe, deixando de impartirse as ensinanzas de 1º de F.P., 1º de B.U.P., 3º de B.U.P. e 1º de F.P.2.

Gloria Hevia

COLABORA COA REVISTA


A. E. G.

ENTREGA A TUA COLABORACIÓN  
PRA O NÚMERO DAS LETRAS  
GALEGAS EN SECRETARÍA

# RECICLA E VENCERÁS

## PAPEL

Aínda que a produción de papel novo triplica a do reciclado, a taxa de recuperación do papel en España ascendeu case nun dez por cento nos últimos dous anos, seguramente como consecuencia da proliferación nas rúas de contenedores especiais, que permitiron unha mellor organización do sector. Neles pódense depositar xornais e papel branco, sempre que estén limpos e non leven etiquetas adhesivas, metais, etc.





## PLÁSTICO

A meirande parte dos plásticos pódense reciclar en bloque pra obter produtos moi diversos, como macetas, bancos, alfombrías, recheo sintético e un sinfín de cousas máis. Fabricar plástico é caro e en moitos casos moi contaminante; a pesares delo tiramos 20 kilos por persoa e ano. Aínda que a súa recollida selectiva aínda non está organizada, pronto se sumarán aos iglús azul e verde uns novos, de cor marela, pra os envases lixeiros entre eles, os de plástico.

## VIDRO

Elaborar vidro a partires de botellas xa usadas aforra enerxía, cartos e recursos: unha tonelada de vidro que foi reciclado aforra 30 kilos de petróleo e 1200 kilos de materias primas. Antes de depositalas botellas no contenedor hai que lavalas e retira-los tapóns e chapas. Ademais non se deben xuntar con vidro procedente de fiestras, bombillas, espellos, xarróns, vaixela, etc., fabricados cunha clase de vidro que non se pode fundir mesturado.



## METAIS

Os metais son case todos reciclábeis, coa súa única condición de que non estén mesturados. Así, o aluminio das latas, o papel de aluminio e recipiente de cociña do mesmo, son non só doadamente recuperábeis, senón tamén moi rentábeis xa que a materia prima (mineral de banxita) é moi costosa de extraer. A follalata ten a ventaxa de que se pode afastar do resto de lixo cun imán. Os envases metálicos deben ir sempre limpos.

## O GOL DE STOJA

O meu andar como seguidor deportivista non é innato. Eu antes era forofo dun deses equipos grandes, do Madrid ou do Barcelona (non me lembro porque fai moitos anos), algo que dez anos atrás era moi común en Galicia e moita xente seguía a equipos de fora, o que aínda hoxe sucede.

Son apaixonado do balonpé dende que tiña dezaseis meses e aprendín a camiñar, pero convertínme ao deportivismo naquel día da promoción de ascenso fronte ao Tenerife. O Deportivo perdeu e ficou en Segunda pero gañou un seguidor, decateime de que en "A Coruña" (sin L) había un equipo que estaba a piques de entrar entre os mellores da Península.

Naquel momento xurdiron auténticos mitos do Deportivo como Djukic e Fran.

Logo sucederíanse os momentos históricos do deportivismo: o gol de Stojadinovic fronte ó Murcia, a promoción co Betis, Manjarín en Birmingham, o penalti de Djukic, Alfredo na Copa...

O Depor pasou de ser un equipo normal de Segunda a ser o Superdepor, veu Eбето e Mauro e o mellor do mercado nacional, nestes anos pasados loitamos por títulos, imos a Europa, escomenzamos a ser un "grande".

O culpable de todo isto e o mesmo personaxe que fixo que o Liceo fose o mellor equipo do mundo: Lendoiro. Pero nesta tempada na que andamos están a suceder feitos que os xoves seguidores deportivistas nunca vivíramos. O ano escomenzou cun Deportivo que xa era un grande por méritos propios con moitas ilusións e con máis extranxeiros que ilusións cecáis.

Toshack pideu poucos reforzos e Lendoiro foi xeneroso con el e tróuxolle media ducia de brasileiros, uns cantos franceses, algúns portugueses, un marroquí e ata un corteiro franco-camerunés (?), entre outras especies. O resultado foi que nin Dios se entende no vestiario e que o Deportivo quedou sen 5000 millóns.

O Depor é agora como a antiga Iugoslavia, un grupo cheo de diferentes etnias, relixións, razas... co portugués como idioma oficial (polos brasileiros, portugueses e Martins que palica un pouco de todo). O peor de todo e que ó igual que Iugoslavia o Deportivo sumerxiuse nunha terrible guerra civil: Rivaldo (1000 millóns) tira a camiseta, esa que algúns tanto queremos, cando se mosquea poque o trocan; Flavio vaise para casa ó ver que non é titular, Nuno di que está farto de non ser nin suplente, Kouba quere oportunidades, Bonni-sel quere deixar o clube, Naybet manda ó público ó carallo...





O máis curioso é que esta estrana febre afectoulle ao mesmo Lendoiro que iniciou unha guerra contra a FIFA nun tema con tanta razón moral como sinrazón xurídica, e que estivo a piques de tronza-las posibles ilusións europeas do ano que ven deses miles de siareiros deportivistas que cando se necesitan non fallan, como sucedeu o outro día fronte ao Español.

O que máis sorprende son algunhas reaccións do deportivismo contra de Toshack. O galés paréceme un bó adestrador e coído que é máis doado para o aficionado de a pé cargarlle as culpas de tantos problemas a un adestrador e non ós vintepico xogadores.

Hai que entender que a John, tras un mal ano, trouxéronlle demasiados xogadores de gran calidade que crearon unha escuadra de auténtico luxo, chea de nomes coñecidos e estrelas de fútbol mundial... pero o único conseguido é unha plantilla totalmente descompensada, na que por exemplo un xogador que custou 800 millóns como Flavio Conceição é suplente e un porteiro subcampión de Europa como Kouba só xoga amistosos contra o Erigantium e pouco máis. Ninguén pode negar a calidade dos fichaxes pero Lendoiro non é adestrador, e si Toshack, que é o que sabe disto (o que sabe!) pódelle catro non se lle pode traer unha ducia.

O curioso é o tema dos dianteiros. Dende fai varias tempadas o Deportivo buscou antes un complemento para Beбето e agora un sustituto e tras moitos fichaxes e millóns gastados aínda non se conseguen. Tivemos a Claudio e cumpriu, logo veu Kostadinov (que foi o mellor de todos), Radchenko, Madar, Renaldo... e fálase da futura chegada de Klinsmann, Andersson, Joao Pinto... e fálase de Stoichkov, Brian Laudrup... e Riazor só pide un dianteiro centro.

Pero aínda así, con tódolos raros fenómenos que se suceden este ano o máis vergonzoso foi a actitude de certos sectores do deportivismo co noso símbolo Fran, asubiéndolle e protestándolle cando todos coñecemos os seus problemas físicos. Eso non se fai. O deportivismo estase a parecer, en certo modo e por desgracia, ó madridismo, o bernabeu tamén asubía aos seus ídolos por calquera parvada.



A xente quéixase porque non estamos en Europa e imos terceiros na mellor Liga do mundo, cando fai uns anos xogábase fronte ó Ialamós, agora estamos nun soño e pedimos máis... Pregúntome que sucedería se o Depor baixase a Segunda, xirían 25000 persoas a Riazor como pasaba co Ketis cando era un equipo mediocre de Segunda?

Por último gustaríame pedir unha oportunidade para a canteira. Toshack dixo que David, Vicueira e Deus eran xogadores de 500 millóns e agora non ten sitio para eles, hai que facer fichaxes intelixentes como o de Martins que custou 350 millóns e é do máis completo de Europa e non coma o de Helder que custou 650 e xoga dun xeito parecido a algo que xa tiñamos como Facó.

Fase o que pase eu seguirei animando ó meu (noso) Depor porque é como ser galego, lévase no sangue i eu infecteime de deportivismo por un gol de Stoja e agora endexamáis sanarei (si Dios quere) aínda que esta infección ultimamente múdaseme en hemorragia. Que lo sepas.



Ainda que cuns meses de retraso debido á periodicidade desta publicación, por fin boas novas para o cine galego. O pasado Novembro, tivo lugar na cidade das Eurgas o Ourense Film Festival (OFF). A mostra contou cunha sección a concurso e outra con diferentes ciclos de proxección onas que se atopaban dende retrospectivas do realizador polaco krystof Zanussi (nade que ver coas lavadoras) ata pases de cinema en portugués. En canto á sección oficial os premios foron deste xeito:

- Gran premio do Festival con tres millóns de premio para a película "Camping Cosmos" do director Jan Bucquoy.
- Premio Especial do Xurado con dous millóns de pesetas para a película "Voros colibrí" da directora húngara Zsuzsa Boszormenyi.
- A mellor dirección correspondeulle a Oscar Laticarte polo film "Dulces Companías" recompensado cun millón de pesetas.
- A curta "O Matachín" recibiu o premio na súa especialidade. A grabación realizada por Xurxo Coira acadou 300.000 pesetas.

Ademais recitiron mencións especiais "Benjamín Dufa" por parte do público e o documental (ahí vai o nome) "Memoiren Finer frustrierten edonistin".

Destacar entre tódolos premios o da mellor curta acadada polo rabadés (se así se chaman os de Rábade) Xurxo Coira polo seu film "O Matachín" producido na Coruña. A curta de 14 minutos contou para a súa música coa colaboración dos Diplomáticos de Montealto. A produción será emitida durante catro meses no programa "Piezas" de Canal +.

Co gaio do Festival de Ourense, a Asociación Galega de Produtores Independentes (AGAPI) entregou os seus primeiros premios.


O film que máis apañou foi a curta "Coruña imposible" (emitida no programa "Metrópolis") de Faco Rañal.

Os premios recibidos foron á Mellor curta, Mellor Montaxe (Iaco Rañal), Fotografía (Sergio Franco) e Mellor Interpretación Masculina (Roberto Sánchez). Esta curta de tan logrado éxito participará nalguns festivais nacionais, pero ademais terá a oportunidade de competir entre 1198 producións no The New York Festival.

Outros premios de sone dentro dos AGAPI foron os concedidos a "Familia Iita" como mellor programa da televisión, ademais do premio de Maria Louzas como mellor actriz que tamén acadou o programa; e mellor longametraxe con outro actor galardoado entre o seu reparto.

# PASATEMPOS

## VERBAS ENCADEADAS



### 2 letras

GA  
CL  
LE  
PE  
SI

### 3 letras

SEC  
ROL  
SEN  
NON  
UMA  
TEO

### 4 letras

PETA  
FIGO  
DITC  
NATA  
PESA

### 5 letras

FELIO  
FILLA  
ROLLO  
NENOS  
FOLBO

### 6 letras

MALVAR  
INOPIA  
NOITES

### 7 letras

CIA NURC  
IMPULSO  
ROMANCE


### 8 letras

DECA CCNO  
HEMATOMA  
SERENATA

### 9 letras

CCSMETICO  
IRLANDESA

## DAMERO



Frase de Castela.

16 42 8  
47 44 7 35 77  
6 33 51 19 24  
48 9 3 39 28 1 22 41 21  
18 25 30 32  
14 12  
43 34 32 49  
26 30 2  
45 11 17 52  
10 36 31 5

Vaso sanguíneo.

Mamífero ruminante doméstico.

Utensílio pra comer.

Moi pequeno.

Persoa que está leda.

Extremidades das aves.


Bebida alcohólica.

Camiño pra transitar.

Frenda de vestir femenina.

Planta gramínea que nace no medio do trigo, perxudicándoo gravemente.

## ENCrucILLADO



Por Figo

### HORIZONTAIS:

1. Tragar con ansia e rapidez. Vocal 2. Arbore exótica de madeira pesada. Practicante 3. Símbolo químico do estroncio. Símbolo químico do talio. Personaxe malvado de Dragon Z (ao revés). Primeira vocal 4. Froito da figueira. Pai do pai. Símbolo químico do boro 5. Un dos satélites de Xúpiter. Pendente dun monte 6. Estrela que nos dá calor (ao revés). Irmá do pai ou da nai respecto dos fillos destes. 7. Símbolo químico do uranio. Espiar. Símbolo químico do lodo. 8. Entre os xodeas, doutor da Lei. Lingua provenzal 9. Natural de Asia. Símbolo químico do osíxeno. 10. Vía situada no interior dunha vila ou cidade. Lugar con auga e vexetación situado no medio do deserto.

### VERTICAIS:

A. Deformar B. Borracho. Utiliza (do revés) C. Consoante + vocal. Muller moi erudita D. Estudio do ser en canto tal e como causa de todos demais. E. Lista de traballadores dunha empresa. Aire expulsado ao respirar F. Preposición. Contracción desta (ao revés). Obxecto feito de materiais preciosos G. Nome de letra. Membro do corpo das aves e insectos pra voar. Símbolo químico do cesio. H. Colocar boias. Expresar dor ou queixa I. Extraterrestre. Moverse dun lugar a outro (ao revés). Vocal. Símbolo químico do xofre

